

MÉTODOS DE DATAÇÃO RELATIVA

Permiten ordenar cronoloxicamente acontecementos xeolóxicos, sen precisar unha idade absoluta (concreta), por tanto, empréganse para reconstruír historias xeolóxicas, paso a paso, empezando polo principio e rematando polo final.

ESTAS SON AS FERRAMENTAS QUE EMPREGAMOS PARA PODER DATAR DE FORMA RELATIVA

1. PRINCIPIOS


Ppio, de superposición dos estratos

Todo estrato é máis novo que o que ten por debaixo e máis vello que o que ten por enriba.




Ppio, de horizontalidade orixinal:

Todo estrato depositouse inicialmente en horizontal, por iso, se o vemos inclinado quere dicir que sufriu algún tipo de proceso.



Ppio, de continuidade lateral

Tódolos puntos contidos nun mesmo plano dun estrato teñen a mesma idade.




Ppio, de actualismo

Os procesos xeolóxicos sucederon no pasado do mesmo xeito no que suceden na actualidade.
"O presente é a chave do pasado"


Ppio, de sucesión faunística

A vida evolucionou ó longo da historia da Terra. de forma que a cada etapa lle corresponden uns fósiles concretos. Así, os fósiles permiten asignar unha rocha a unha época concreta.



Ppio, de sucesión de fenómenos xeolóxicos

Un fenómeno xeolóxico (falla, dobra erosión, intrusión...) é posterior ós materiais ós que afecta.



2. RECOÑECEMENTO DESCONTINUIDADES

Permiten saber se houbo periodos de tempo sen sedimentación ou se houbo erosión.

Paraconformidade
Estratos paralelos (series concordantes).
Faltan estratos.
Non houbo sedimentación.
Lagoa sedimentaria

Desconformidade
Estratos paralelos (series concordantes).
Faltan estratos.
Houbo erosión.
Lagoa erosiva

Discordancia angular
Estratos discordantes (series non paralelas).
Houbo deformación.
Houbo erosión.
Lagoa erosiva

Inconformidade
Corpo plutónico erosionado.
Serie sedimentaria sobre el.

3. FÓSILES E FÓSILES GUÍA

Proporcionan información sobre a idade da rocha e sobre o medio en que se formou.

Fósiles guía son datadores precisos. Cumplen:

- Seres vivos que viviron nun periodo de tempo moi curto.
- Seres vivos moi extendidos ó longo do planeta.
- Seres vivos abundantes e de fácil conservación.

Algúns fósiles guía son:

- Estromatolitos: Precámbrico.



- Amonitas: Mesozoico.



- Trilobites: Paleozoico.



- Numulitas: Cenozoico.

